

| | | |
|--|--|--|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños | Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25 |  XACOBEO 2010 Galicia |
|--|--|--|

FICHA RESUMO

| | | |
|---------------------------------------|---------------------|---|
| Ano | 2010 | PE 403A 2009/44-1 PE 403 A 2009/43-1 |
| Entidade | CONFRARÍA DE CARIÑO | |
| Plan explotación⁽¹⁾ | MOLUCOS BIVALVOS | |
| Réxime⁽²⁾ | AUTORIZACIÓNS | |
| Modalidade⁽³⁾ | A PÉ | |

| | |
|--------------------------------|---|
| Especies | Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), Ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), Ostra (<i>Ostrea edulis</i>) e Longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>). |
| Ambito do plan | (*) De punta Figueiroa a punta Leixa |
| Subzonas de explotación | Área de Figueiroa-Sismundi, área de Feás e área de Fornelos |

| Participantes no plan de explotación | | |
|---|--------------|---------------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| 20 | - | - |
| Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾ | | Non |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| - | - | - |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | | |
|--|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|---|
| Días máximos de extracción | 70 | | | | | | | | | | | |
| Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽³⁾: | | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽³⁾: | | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| | | | | | | | | | | | | |

| Topes de captura ⁽⁶⁾ | | | |
|---------------------------------|---------------------------|-------------|-------------------------|
| Especies | A pé (Mariscadora/día) | Embarcación | Tripulante/habilitación |
| Ameixa fina | 3 kg 5 kg en decembro | - | - |
| Ameixa babosa | 3 kg | - | - |
| Berberecho | 20 kg | - | - |
| Ostra | 20 ud | - | - |
| Ameixa xaponesa | 4 kg | - | - |
| Ameixa xaponesa semicultivo | 25 kg | - | - |
| Longueirón vello | 10 kg | - | - |

| | |
|-------------------------|---|
| Artes a empregar | Sacho, fouciño e angazo. Extracción manual con sal para o longueirón. |
|-------------------------|---|



| | |
|--------------------------|--|
| Puntos de control | Punta Figueroa, punta. Sismundi, peirao de Sismundi, Macelos, punta Promontorio e punta Fornelos |
| Puntos de venda | Lonxa da Confraría de Pescadores de Cariño |

| Accións a realizar ⁽⁷⁾ | Épocas probables ⁽⁸⁾ | | | | | | | | | | | |
|--|--|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rexeneración zonas improdutivas | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Extracción semente para resembrar | | | X | X | X | | | | | | | |
| Zonas: Puntal de Pta. Leixa, poza da Xelfa, Meá e Praia de Figueiras | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa fina | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Sementeiras | | | X | X | X | X | | | | | | |
| Zonas: Novela, Puntal (Pta Promontorio) e Saiña | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa fina | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Traslados | | | X | X | X | | | | | | | |
| Zonas: Puntal de Pta. Leixa e Praia de Figueiras | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa fina | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Limpezas e arados | | | | X | X | X | X | X | | | | |
| Zonas: Novela, Puntal, Saiña, enseada da Caleira | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Outros | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Especies: Engádese o longueirón vello -para o que esta entidade ten presentado un Plan específico de explotación para a modalidade de a pé (PE 403 A 2009/43-1)- ás especies obxecto de explotación neste Plan. A explotación residual deste recurso, xunto co feito de que está presente, e como especie autorizada, nas zonas explotadas en réxime de autorización administrativa deste plan de explotación marisqueira, aconsellan a súa inclusión no plan de explotación a pé de moluscos bivalvos en zonas de autorización. A inclusión desta especie facilitará a súa explotación e suporá, previsiblemente, un incremento do rendemento económico do traballo dos mariscadores de a pé.

Ámbito do plan: De cara a unha mellor xestión das autorizacións desta confraría, divídense en 3 zonas de extracción:

- Área de Figueroa-Sismundi: Enseada da Caleira, incluíndo altos da Caleira e Novela, e Sismundi, incluíndo o Forno.
- Área de Feas: Cascabellal, Macelos, Meá e Puntal
- Área de Fornelos: Poza da Xelfa, Arnela, Saiña e Petón

Épocas probables de extracción: A época de extracción de longueirón límitase ós meses de xullo, agosto e setembro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Puntos de control: Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Traballos de semicultivo: A organización das accións de rexeneración, acondicionamentos, traslados, limpeza... está perfectamente definida, indicando a obriga da participación de tódolos mariscadores, e que estes traballos computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. Os traballos de semicultivo nos parques de ameixa xaponesa serán voluntarios e non computarán para a renovación dos permex, do mesmo xeito que os días de extracción nestes parques dado que nesta actividade non traballan tódalas mariscadoras.

Cotas máximas de captura: Para a ameixa xaponesa fíxanse diferentes cotas atendendo a súa orixe: 4 kg/mariscadora/día en banco natural e 25 kg/mariscadora/día nos parques de cultivo. A cota máxima de captura de ameixa fina establécese en 3 kg por mariscadora e día, salvo no mes de decembro que se incrementa a 5 kg.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior